

bro, reguladora das facendas locais, e se establece unha redución na base imponible do imposto sobre bens inmobles.

b) O inciso final do segundo parágrafo do punto 2.º do artigo 235 do Decreto do 12 de xaneiro de 1973, que aproba o texto refundido da Lei de reforma e desenvolvemento agrario.

Así mesmo quedan derogadas cantas outras disposicións se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles cos preceptos da presente lei.

O disposto anteriormente enténdese sen prexuízo do previsto nas disposicións transitorias da presente lei.

Disposición derradeira primeira.

Esta lei dítase ó abeiro do establecido no artigo 149.1.14.^a da Constitución española.

Disposición derradeira segunda.

Autorízase o Goberno para refundir no prazo máximo dun ano e nun só texto as disposicións vixentes reguladoras do catastro inmobiliario e, especialmente, a normativa sobre a materia contida nesta lei, así como na Lei do 23 de marzo de 1906, que establece o catastro parcelario; Lei 7/1986, do 24 de xaneiro, de ordenación da cartografía; Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais; Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e a Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. A refundición comprenderá a regularización, aclaración e harmonización das ditas disposicións.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento da lei.*

Facúltase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución desta lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2003.

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 23 de decembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

25039 *LEI 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado. («BOE» 307, do 24-12-2002.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A importancia alcanzada nos últimos anos polo denominado «terceiro sector», así como a experiencia acumulada desde a aprobación da Lei 30/1994, do 24 de novembro, de fundacións e de incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral, fai necesaria unha nova regulación dos incentivos fiscais que se contiñan no título II da citada norma legal.

Cando en 1994 se promulgou a citada Lei 30/1994, o lexislador xa era consciente das dimensións alcanzadas polo fenómeno da participación privada en actividades de interese xeral, nas súas diversas formas xurídicas, aínda que non puido prever entón que o dito fenómeno, lonxe de atenualo seu crecemento, tería en España un grande desenvolvemento en menos dunha década.

A consecuencia lóxica deste desenvolvemento foi que o marco normativo fiscal deseñado no título II da Lei 30/1994 quedou desfasado, sendo necesario un novo réxime fiscal para as entidades sen fins lucrativos que, adaptado a esta realidade, flexibilice os requisitos para se acoller ós incentivos que prevé esta lei e dote de seguridade xurídica suficiente a tales entidades no desenvolvemento das actividades que realicen en cumprimento dos fins de interese xeral que perseguen.

A finalidade que persegue a lei é máis ambiciosa que a mera regulación dun réxime fiscal propio das entidades sen fins lucrativos, xa que, como o seu propio título indica, esta norma vén establecer tamén o conxunto de incentivos que son aplicables á actividade de mecenado realizada por particulares. En efecto, aínda que a Lei 30/1994 contiña xa unha serie de preceptos destinados a estimular a participación do sector privado nas actividades de interese xeral, a realidade permite constatar que a súa eficacia foi limitada.

Faise necesaria, por tanto, unha lei coma esta, que axuda encarreira-los esforzos privados en actividades de interese xeral dun modo máis eficaz, mantendo e ampliando algúns dos incentivos previstos na normativa anterior e establecendo outros novos, máis acordes coas novas formas de participación da sociedade na protección, o desenvolvemento e o estímulo do interese xeral.

En consecuencia, esta lei, dictada ó abeiro do artigo 149.1.14.^a da Constitución e sen prexuízo dos réximes tributarios forais, ten unha finalidade eminentemente incentivadora da colaboración particular na consecución de fins de interese xeral, en atención e recoñecemento á cada vez maior presenza do sector privado na tarefa de protexer e promover actuacións caracterizadas pola ausencia de ánimo de lucro, a única finalidade das cales é de natureza xeral e pública.

II

A lei está estruturada en tres títulos, vinteseite artigos e as correspondentes disposicións adicionais, transitorias, derogatoria e derradeiras.

O título I define o obxecto da lei e o seu ámbito de aplicación, introducindo, como novidade, unha mención expresa ós réximes forais en vigor na Comunidade Autónoma do País Vasco e na Comunidade Foral de Navarra, así como ós convenios e tratados internacionais que pasaron a formar parte do ordenamento interno español.

No título II regúlase o réxime fiscal especial aplicable ás entidades sen fins lucrativos, o cal se apoia sobre tres piares básicos: o concepto de entidade sen fins lucrativos para os efectos da lei, a tributación das ditas entidades polo imposto sobre sociedades e a fiscalidade en materia de tributos locais.

Así, fíxanse unhas normas xerais en virtude das cales se establece o concepto de entidade sen fins lucrativos para efectos desta lei.

O réxime fiscal especial é voluntario, de tal maneira que poderán aplicalo as entidades que, cumprindo determinados requisitos, opten por el e lle comuniquen a opción ó Ministerio de Facenda.

A xustificación destes requisitos obedece á intención de asegurar que o réxime fiscal especial que se establece para as entidades sen fins lucrativos se traduce no destino das rendas que obteñan a fins e actividades de interese xeral.

En relación con tales requisitos, cómpre salientalos seguintes:

Mantense o requisito, previsto na lexislación anterior, de destinar á realización dos fins de interese xeral al menos o 70 por 100 do resultado das explotacións económicas que realicen e dos ingresos que obteñan por calquera outro concepto minorados nos gastos realizados para a súa obtención. Establécese o requisito de que o importe restante, o que non foi aplicado ós fins de interese xeral, se destine a incrementala dotación patrimonial ou as reservas das entidades sen fins lucrativos.

Aclárase que os gastos realizados para a obtención de tales ingresos poderán estar integrados, se é o caso, pola parte proporcional dos gastos por servizos exteriores, dos gastos de persoal, doutros gastos de xestión, dos gastos financeiros e dos tributos, en canto que contribúan á obtención dos ingresos e excluindo deste cálculo os gastos realizados para o cumprimento dos fins estatutarios ou do obxecto da entidade sen fins lucrativos.

Para efectos do requisito a que se refire o primeiro parágrafo, exclúese do cómputo dos ingresos, xunto co recibido en concepto de dotación patrimonial, o importe dos ingresos obtidos no alleamento de bens inmóbiles nos que a entidade desenvolva a súa actividade propia, sempre que o importe total da transmisión se reinvesta en bens inmóbiles en que concorra tamén tal circunstancia.

O prazo xeral para destinalas rendas obtidas pola entidade sen fins lucrativos a fins de interese xeral será o comprendido entre o inicio do exercicio en que se obtivesen os respectivos resultados e ingresos e os catro anos seguintes ó peche do dito exercicio.

As entidades sen fins lucrativos poderán adquirir libremente participacións en sociedades mercantís.

Establécese como novo requisito que o importe neto da cifra de negocios do exercicio correspondente ó conxunto das actividades económicas non exentas do imposto sobre sociedades non supere o 40 por 100 dos ingresos totais da entidade, e o desenvolvemento destas actividades non vulnere as normas reguladoras de defensa da competencia.

Para acollerse ó réxime fiscal especial, os órganos rectores deben ser gratuítos, aínda que poidan ser retribuídos polo desempeño de servizos distintos dos propios do cargo.

A dita gratuidade tamén se estende ós administradores de entidades mercantís que representen as entidades sen fins lucrativos que participen no seu capital, establecéndose que, nestes casos, a retribución percibida polo administrador estará exenta do imposto sobre a renda das persoas físicas, e non existirá obriga de practicar retención á conta deste imposto.

Esta lei regula de forma moito máis minuciosa o requisito relativo ó destino do patrimonio destas entidades en caso de disolución, que deberá ser, en calquera caso, outra entidade beneficiaria do mecenado das definidas na lei, ou unha entidade pública, de natureza non fundacional, que persiga tamén o interese xeral. Esta regulación complementase coa previsión expresa da perda do réxime fiscal especial para as entidades cun réxime

xurídico que permita a reversión do patrimonio da entidade, salvo que, como é lóxico, a reversión está prevista en favor dalgunha entidade beneficiaria do mecenado.

A rendición de contas, en ausencia de lexislación específica, antes de transcorridos seis meses desde o peche do seu exercicio, ante o organismo público encargado do rexistro en que deban estar inscritas.

A elaboración dunha memoria económica anual que especifique, por categorías e por proxectos, os ingresos e gastos do exercicio e que inclúa a porcentaxe de participación que manteñan en entidades mercantís.

Como é lóxico, a aplicación do réxime fiscal especial está condicionada ó cumprimento dos requisitos e supostos de feito relativos a el, de xeito que o incumprimento de calquera deles comporta a perda do réxime fiscal especial e a obriga de ingresar as cotas dos tributos devengados durante o exercicio fiscal en que se produza o incumprimento, xunto cos xuros de demora que procedan.

Polo que se refire á tributación das entidades sen fins lucrativos polo imposto sobre sociedades, a lei introduce novidades significativas.

Así, declárase a exención das seguintes rendas: as derivadas dos ingresos obtidos sen contraprestación; as procedentes do patrimonio mobiliario e inmobiliario da entidade, como os dividendos, xuros, canons e alugueres; as derivadas de adquisicións ou de transmisións, por calquera título, de bens ou dereitos; as obtidas no exercicio das explotacións económicas exentas; e, finalmente, as que de acordo coa normativa tributaria deban ser atribuídas ou imputadas ás entidades sen fins lucrativos.

En relación coas rendas derivadas do exercicio de explotacións económicas, a lei substitúe o anterior sistema de exención rogada por unha lista pechada de explotacións económicas, de tal maneira que as rendas derivadas das explotacións económicas incluídas na lista estarán exentas «ex lege». A exención esténdese ás rendas obtidas das explotacións complementarias e auxiliares das dirixidas a cumprilos fins que perseguen estas entidades, sempre que respecten os límites establecidos na propia norma, así como ás derivadas das explotacións económicas consideradas de escasa relevancia.

En canto á base imponible do imposto sobre sociedades destas entidades, establécese que na súa determinación unicamente serán computables os ingresos e os gastos correspondentes ás explotacións económicas non exentas. Adicionalmente, regúlanse os efectos da transmisión do patrimonio resultante da disolución de entidades sen fins lucrativos a outras entidades, dispoñéndose a conservación dos valores e a antigüidade que tiñan na entidade transmitente os bens e dereitos transmitidos.

A base imponible do imposto sobre sociedades será gravada a un tipo único do 10 por 100. A determinación das rendas exentas que quedan suxeitas a retención e ingreso á conta remítese a un ulterior desenvolvemento regulamentario.

Polo que respecta á fiscalidade das entidades sen fins lucrativos en materia de tributos locais, o lexislador decidiu mante-las exencións previstas na Lei 30/1994, ampliando o seu ámbito. Deste modo, estarán exentos do imposto sobre bens inmóbiles todos aqueles bens suxeitos a este imposto dos que sexan titulares as entidades sen fins lucrativos, coa excepción dos afectados a explotacións económicas non exentas do imposto sobre sociedades. Así mesmo, estarán exentas do imposto sobre actividades económicas as explotacións económicas que desenvolvan estas entidades cando fosen cualificadas como exentas pola propia lei.

Como novidade, e en consonancia coa finalidade de favorecerla actividade que desenvolven estas entidades en beneficio do interese xeral, introdúcese a exención no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de

natureza urbana cando a obriga legal de satisfacerlo imposto recaía sobre unha entidade sen fins lucrativos, así como nas doazóns realizadas en favor das entidades beneficiarias do mecenado.

En canto á aplicación do réxime fiscal especial, cómpre destaca-la substitución do réxime de discrecionalidade administrativa polo de opción polo réxime pola propia entidade e comunicación á Administración tributaria, afectando esta opción tamén o imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

III

O título III, dedicado á regulación dos incentivos fiscais ó mecenado, comeza establecendo, mediante unha enumeración pechada, as entidades que poden ser beneficiarias desta colaboración.

A continuación concréntanse os incentivos fiscais aplicables a donativos, doazóns e achegas realizadas en favor das entidades beneficiarias. A este respecto, interesa salienta-la novidade que supón a concesión de incentivos fiscais á doazón de dereitos e á constitución, sen contraprestación, de dereitos reais de usufructo sobre bens, dereitos e valores. En calquera caso, e como é lóxico tendo en conta a finalidade destes incentivos, as ganancias patrimoniais e rendas positivas que se poñan de manifesto con ocasión destas doazóns ou achegas estarán exentas no imposto persoal do doador.

Deste modo, os donativos, doazóns ou achegas realizadas en favor das entidades beneficiarias da actividade de mecenado darán dereito a practicar unha deducción na cota do imposto persoal sobre a renda do doador ou achegador. Esta deducción será do 25 por 100 do importe dos donativos, doazóns e achegas realizadas no imposto sobre a renda das persoas físicas e no imposto sobre a renda de non residentes para os contribuíntes sen establecemento permanente en España, e do 35 por 100 no imposto sobre sociedades e no imposto sobre a renda de non residentes para os contribuíntes con establecemento permanente en España. Para garanti-la aplicación deste incentivo fiscal polas persoas xurídicas e entidades non residentes que operen en España mediante establecemento permanente, permítese que as deduccions non practicadas se poidan aplicar nos períodos impositivos que finalicen nos 10 anos inmediatos e sucesivos. As porcentaxes de deducción e os límites pódense incrementar nun máximo de cinco puntos porcentuais se a actividade de mecenado desenvolvida polas entidades beneficiarias se encontra comprendida na relación de actividades prioritarias de mecenado que estableza a Lei de orzamentos xerais do Estado.

O título III, por último, regula os beneficios fiscais aplicables a outras actuacións de mecenado distintas da realización de donativos, doazóns e achegas. A este respecto interesa salienta-las seguintes novidades:

Os gastos derivados de convenios de colaboración empresarial en actividades de interese xeral celebrados coas entidades cualificadas como beneficiarias do mecenado por esta lei terán a consideración de gasto deducible para efectos da determinación da base imponible dos impostos sobre sociedades e sobre a renda de non residentes, e do rendemento neto das actividades económicas en réxime de estimación directa do imposto sobre a renda das persoas físicas, suprimindo nesta materia os límites que fixaba a Lei 30/1994.

A supresión dos límites para a deducibilidade dos gastos en actividades de interese xeral en que incorran as empresas.

A creación do marco xurídico ó que se deberán axustar os programas de apoio a acontecementos de excep-

cional interese público que poida establecer por lei, fixando o seu contido máximo, duración e regras básicas.

IV

As disposicións adicionais complementan a lei recollendo diversas previsións entre as que se encontra, en primeiro lugar, unha nova regra especial de imputación de rendas no imposto sobre a renda das persoas físicas aplicable ás axudas públicas destinadas á conservación e rehabilitación de bens de interese cultural; unha nova regulación das deduccions por gastos e investimentos en bens do Patrimonio Histórico Español contidas na Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e na Lei do imposto sobre sociedades, estendéndose o dereito a practica-la deducción ás cantidades investidas en contornos protexidos de cidades españolas ou en conxuntos declarados Patrimonio Mundial pola Unesco, que se relacionan nun anexo da propia lei.

A continuación, recóllense as modificacións que se introducen no réxime das entidades parcialmente exentas do imposto sobre sociedades, coa finalidade de establece-la necesaria coherencia entre as previsións nel contidas e os preceptos desta lei, e no réxime de exencións previsto no texto refundido do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, co obxecto de facer introducir tamén neste imposto o automatismo na aplicación das exencións que lles poidan corresponder ás entidades sen fins lucrativos polo exercicio da opción polo réxime fiscal especial e a súa comunicación á Administración tributaria. De igual modo, regúlase o réxime fiscal dos bens integrantes do Patrimonio Histórico das comunidades autónomas, así como o aplicable á Cruz Vermella Española, á Organización Nacional de Cegos Españóis, á Obra Pía dos Santos Lugares, ó Consorcio da Casa de América, ás fundacións de entidades relixiosas, á Igrexa católica e ás demais igrexas, confesións ou comunidades relixiosas que teñan subscritos acordos de cooperación co Estado español, e ó Instituto de España e ás reais academias integradas nel, así como ás institucións das comunidades autónomas con lingua oficial propia que teñan fins análogos ós da Real Academia Española.

Así mesmo, a lei recolle a posibilidade de que as entidades sen fins lucrativos poidan destina-lo seu patrimonio en caso de disolución á obra social das caixas de aforro; non será de aplicación neste suposto o número 6.º do artigo 3.

Do mesmo modo, a lei establece unha excepción ó requisito previsto no número 3.º do seu artigo 3 en relación cos ingresos obtidos en espectáculos deportivos polas federacións deportivas, o Comité Olímpico Español e o Comité Paralímpico Español.

Por outra banda, a lei regula o réxime tributario das entidades benéficas de construción constituídas ó abeiro do artigo 5 da Lei do 15 de xullo de 1954, de maneira que estas entidades poderán optar polo réxime fiscal especial previsto nesta lei, sempre que cumpran os requisitos establecidos na súa propia normativa reguladora, se encontren debidamente inscritas no rexistro correspondente da Administración central ou autonómica, e cumpran o requisito establecido no número 5.º do artigo 3 desta lei.

Por último, regúlase, para satisfacer as esixencias derivadas do principio de seguridade xurídica, o dereito, durante os primeiros seis meses seguintes á súa entrada en vigor, a formularlle consultas á Administración tributaria sobre a súa aplicación; a súa contestación terá carácter vinculante.

En relación coa exención de tributos locais, e do mesmo xeito que a Lei 30/1994, dispónse a non aplicación

do previsto no punto 2 do artigo 9 da Lei reguladora das facendas locais, e aclara que as remisións normativas que en calquera texto se fagan ó título II da Lei 30/1994, do 24 de novembro, de fundacións e de incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral, entenderanse feitas a esta lei.

As disposicións transitorias da lei establecen a vixencia, durante os dous anos seguintes á entrada en vigor desta lei, das exencións no imposto sobre sociedades concedidas ó abeiro da Lei 30/1994, así como a concesión dun prazo dun ano para que as entidades xa existentes poidan cumprir os requisitos en relación coa retribución dos administradores en entidades mercantís que nomeasen, e de dous anos para que adapten os seus estatutos ó requisito relativo á disolución.

A disposición derogatoria única da lei prevé a derogación, desde a súa entrada en vigor, de tódalas disposicións que se opoñan ó establecido nela.

As disposicións derradeiras establecen unha habilitación á Lei de orzamentos xerais do Estado para modificar o tipo de gravame e as deducións contidos nesta lei, ó tempo que habilitan o Goberno para dicta-lo oportuno desenvolvemento regulamentario e regulan a súa entrada en vigor.

TÍTULO I

Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Esta lei ten por obxecto regula-lo réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos definidas nela, en consideración á súa función social, actividades e características.

De igual modo, ten por obxecto regula-los incentivos fiscais ó mecenado. Para efectos desta lei, enténdese por mecenado a participación privada na realización de actividades de interese xeral.

2. No non previsto nesta lei aplicaranse as normas tributarias xerais.

3. O establecido nesta lei entenderase sen prexuízo dos réximes tributarios forais de concerto e convenio económico en vigor, respectivamente, nos territorios históricos do País Vasco e na Comunidade Foral de Navarra e sen prexuízo do disposto nos tratados e convenios internacionais que pasasen a formar parte do ordenamento interno, de conformidade co artigo 96 da Constitución española.

TÍTULO II

Réxime fiscal especial das entidades sen fins lucrativos

CAPÍTULO I

Normas xerais

Artigo 2. *Entidades sen fins lucrativos.*

Considéranse entidades sen fins lucrativos para efectos desta lei, sempre que cumpran os requisitos establecidos no artigo seguinte:

- a) As fundacións.
- b) As asociacións declaradas de utilidade pública.
- c) As organizacións non gobernamentais de desenvolvemento a que se refire a Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento, sempre que teñan algunha das formas xurídicas a que se refiren os parágrafos anteriores.

d) As delegacións de fundacións estranxeiras inscritas no Rexistro de fundacións.

e) As federacións deportivas españolas, as federacións deportivas territoriais de ámbito autonómico integradas naquelas, o Comité Olímpico Español e o Comité Paralímpico Español.

f) As federacións e asociacións das entidades sen fins lucrativos a que se refiren os parágrafos anteriores.

Artigo 3. *Requisitos das entidades sen fins lucrativos.*

As entidades a que se refire o artigo anterior, que cumpran os seguintes requisitos, serán consideradas, para efectos desta lei, como entidades sen fins lucrativos:

1.º Que persigan fins de interese xeral, como poden ser, entre outros, os de defensa dos dereitos humanos, das vítimas do terrorismo e actos violentos, os de asistencia social e inclusión social, cívicos, educativos, culturais, científicos, deportivos, sanitarios, laborais, de fortalecemento institucional, de cooperación para o desenvolvemento, de promoción do voluntariado, de promoción da acción social, de defensa do ambiente, de promoción e atención ás persoas en risco de exclusión por razóns físicas, económicas ou culturais, de promoción dos valores constitucionais e defensa dos principios democráticos, de fomento da tolerancia, de fomento da economía social, de desenvolvemento da sociedade da información, ou de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico.

2.º Que destinen á realización dos ditos fins al menos o 70 por 100 das seguintes rendas e ingresos:

a) As rendas das explotacións económicas que desenvolvan.

b) As rendas derivadas da transmisión de bens ou dereitos da súa titularidade. No cálculo destas rendas non se incluírán as obtidas na transmisión onerosa de bens inmoebles nos que a entidade desenvolva a actividade propia do seu obxecto ou finalidade específica, sempre que o importe da citada transmisión se reinvesta en bens e dereitos nos que concorra a dita circunstancia.

c) Os ingresos que obteñan por calquera outro concepto, deducidos os gastos realizados para a obtención de tales ingresos. Os gastos realizados para a obtención de tales ingresos poderán estar integrados, se é o caso, pola parte proporcional dos gastos por servizos exteriores, dos gastos de persoal, doutros gastos de xestión, dos gastos financeiros e dos tributos, en canto que contribúan á obtención dos ingresos, excluindo deste cálculo os gastos realizados para o cumprimento dos fins estatutarios ou do obxecto da entidade sen fins lucrativos. No cálculo dos ingresos non se incluírán as achegas ou doazóns recibidas en concepto de dotación patrimonial no momento da súa constitución ou nun momento posterior.

As entidades sen fins lucrativos deberán destinalo resto das rendas e ingresos a incrementa-la dotación patrimonial ou as reservas.

O prazo para o cumprimento deste requisito será o comprendido entre o inicio do exercicio en que se obtivesen as respectivas rendas e ingresos e os catro anos seguintes ó do peche do dito exercicio.

3.º Que a actividade realizada non consista no desenvolvemento de explotacións económicas alleas ó seu obxecto ou finalidade estatutaria. Entenderase cumprido este requisito se o importe neto da cifra de negocios do exercicio correspondente ó conxunto das explotacións económicas non exentas alleas ó seu obxecto ou finalidade estatutaria non excede do 40 por 100 dos ingresos totais da entidade, sempre que o desenvolvemento destas explotacións económicas non exentas non vulnere as normas reguladoras de defensa da compe-

tencia en relación con empresas que realicen a mesma actividade.

Para efectos desta lei, considérase que as entidades sen fins lucrativos desenvolven unha explotación económica cando realicen a ordenación por conta propia de medios de produción e de recursos humanos, ou dun ou de ambos, coa finalidade de intervir na produción ou distribución de bens ou servicios. O arrendamento do patrimonio inmobiliario da entidade non constitúe, para estes efectos, explotación económica.

4.º Que os fundadores, asociados, patróns, representantes estatutarios, membros dos órganos de goberno e os cónxuxes ou parentes ata o cuarto grao inclusive de calquera deles non sexan os destinatarios principais das actividades que realicen as entidades, nin se beneficien de condicións especiais para utilizaren os seus servicios.

O disposto no parágrafo anterior non se aplicará ás actividades de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico, nin ás actividades de asistencia social ou deportivas a que se refire o artigo 20, punto un, nos seus números 8.º e 13.º, respectivamente, da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, nin ás fundacións que teñan a finalidade de conservación e restauración de bens do Patrimonio Histórico Español e que cumpran as esixencias da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, ou da Lei da respectiva comunidade autónoma que lle sexa de aplicación, en particular respecto dos deberes de visita e exposición pública dos ditos bens.

O disposto no primeiro parágrafo deste número non resultará de aplicación ás entidades a que se refire a letra e) do artigo anterior.

5.º Que os cargos de patrón, representante estatutario e membro do órgano de goberno sexan gratuítos, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas que o desempeño da súa función lles ocasione, sen que as cantidades percibidas por este concepto poidan exceder dos límites previstos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas para ser consideradas axudas de custo exceptuadas de gravame.

O disposto no parágrafo anterior non lles resultará de aplicación ás entidades a que se refire a letra e) do artigo anterior e respectará o réxime específico establecido para aquelas asociacións que, de acordo coa Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, fosen declaradas de utilidade pública.

Os patróns, representantes estatutarios e membros do órgano de goberno poderán percibir da entidade retribucións pola prestación de servicios, incluídos os prestados no marco dunha relación de carácter laboral, distintos dos que implica o desempeño das funcións que lles corresponden como membros do padroado ou órgano de representación, sempre que se cumpran as condicións previstas nas normas polas que se rexe a entidade. Tales persoas non poderán participar nos resultados económicos da entidade, nin por elas mesmas nin a través de persoa ou entidade interposta.

O disposto neste número será de aplicación igualmente ós administradores que representen a entidade nas sociedades mercantís en que participe, salvo que as retribucións percibidas pola condición de administrador se reintegren á entidade que representen.

Neste caso, a retribución percibida polo administrador estará exenta do imposto sobre a renda das persoas físicas, e non existirá obriga de practicar retención á conta deste imposto.

6.º Que, en caso de disolución, o seu patrimonio se destine na súa totalidade a algunha das entidades consideradas como entidades beneficiarias do mecenado

do para os efectos previstos nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, desta lei, ou a entidades públicas de natureza non fundacional que persigan fins de interese xeral, e esta circunstancia estea expresamente prevista no negocio fundacional ou nos estatutos da entidade disolta, sendo aplicable ás ditas entidades sen fins lucrativos o disposto na letra c) do punto 1 do artigo 97 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

En ningún caso terán a condición de entidades sen fins lucrativos, para efectos desta lei, aquelas entidades cun réxime xurídico que permita, nos supostos de extinción, a reversión do seu patrimonio ó seu achegador ou ós seus herdeiros ou legatarios, salvo que a reversión estea prevista en favor dalgunha entidade beneficiaria do mecenado para os efectos previstos nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, desta lei.

7.º Que estean inscritas no rexistro correspondente.

8.º Que cumpran as obrigas contables previstas nas normas polas que se rexen ou, no seu defecto, no Código de comercio e disposicións complementarias.

9.º Que cumpran as obrigas de rendición de contas que estableza a súa lexislación específica. En ausencia de previsión legal específica, deberán render contas antes de transcorridos seis meses desde o peche do seu exercicio ante o organismo público encargado do rexistro correspondente.

10.º Que elaboren anualmente unha memoria económica na que se especifiquen os ingresos e gastos do exercicio, de maneira que se poidan identificar por categorías e por proxectos, así como a porcentaxe de participación que manteñan en entidades mercantís.

As entidades que estean obrigadas, en virtude da normativa contable que lles sexa de aplicación, á elaboración anual dunha memoria, deberán incluír na dita memoria a información a que se refire este número.

Regulamentariamente, estableceranse o contido desta memoria económica, o seu prazo de presentación e o órgano ante o que se debe presentar.

Artigo 4. *Domicilio fiscal.*

O domicilio fiscal das entidades sen fins lucrativos será o do lugar do seu domicilio estatutario, sempre que nel estea efectivamente centralizada a xestión administrativa e dirección da entidade. Noutro caso, o dito domicilio será o lugar en que se realice a dita xestión e dirección.

Se non se puidese establecerlo lugar do domicilio fiscal de acordo cos criterios anteriores, considerarase como tal o lugar onde radique o maior valor do inmovilizado.

CAPÍTULO II

Imposto sobre sociedades

Artigo 5. *Normativa aplicable.*

No non previsto neste capítulo, serán de aplicación ás entidades sen fins lucrativos as normas do imposto sobre sociedades.

Artigo 6. *Rendas exentas.*

Están exentas do imposto sobre sociedades as seguintes rendas obtidas por entidades sen fins lucrativos:

1.º As derivadas dos seguintes ingresos:

a) Os donativos e as doazóns recibidos para colaborar nos fins da entidade, incluídas as achegas ou doazóns en concepto de dotación patrimonial, no momento

da súa constitución ou nun momento posterior, e as axudas económicas recibidas en virtude dos convenios de colaboración empresarial regulados no artigo 25 desta lei e en virtude dos contratos de patrocinio publicitario a que se refire a Lei 34/1998, do 11 de novembro, xeral de publicidade.

b) As cotas satisfeitas polos asociados, colaboradores ou benefactores, sempre que non se correspondan co dereito a percibir unha prestación derivada dunha explotación económica non exenta.

c) As subvencións, salvo as destinadas a financiar a realización de explotacións económicas non exentas.

2.º As procedentes do patrimonio mobiliario e inmobiliario da entidade, como son os dividendos e participacións en beneficios de sociedades, xuros, canons e alugueres.

3.º As derivadas de adquisicións ou de transmisións, por calquera título, de bens ou dereitos, incluídas as obtidas con ocasión da disolución e liquidación da entidade.

4.º As obtidas no exercicio das explotacións económicas exentas a que se refire o artigo seguinte.

5.º As que, de acordo coa normativa tributaria, deban ser atribuídas ou imputadas ás entidades sen fins lucrativos e que procedan de rendas exentas incluídas nalgun dos puntos anteriores deste artigo.

Artigo 7. *Explotacións económicas exentas.*

Están exentas do imposto sobre sociedades as rendas obtidas por entidades sen fins lucrativos que procedan das seguintes explotacións económicas, sempre e cando sexan desenvolvidas en cumprimento do seu obxecto ou finalidade específica:

1.º As explotacións económicas de prestación de servicios de promoción e xestión da acción social, así como os de asistencia social e inclusión social que se indican a continuación, incluíndo as actividades auxiliares ou complementarias daqueles, como son os servicios accesorios de alimentación, aloxamento ou transporte:

- a) Protección da infancia e da xuventude.
- b) Asistencia á terceira idade.
- c) Asistencia a persoas en risco de exclusión ou dificultade social ou vítimas de malos tratos.
- d) Asistencia a persoas con discapacidade, incluída a formación ocupacional, a inserción laboral e a explotación de granxas, talleres e centros especiais nos que desenvolvan o seu traballo.
- e) Asistencia a minorías étnicas.
- f) Asistencia a refuxiados e asilados.
- g) Asistencia a emigrantes, inmigrantes e transeúntes.
- h) Asistencia a persoas con cargas familiares non compartidas.
 - i) Acción social comunitaria e familiar.
 - j) Asistencia a ex reclusos.
 - k) Reinserción social e prevención da delincuencia.
 - l) Asistencia a alcohólicos e toxicómanos.
 - m) Cooperación para o desenvolvemento.
 - n) Inclusión social das persoas a que se refiren as letras anteriores.

2.º As explotacións económicas de prestación de servicios de hospitalización ou asistencia sanitaria, incluíndo as súas actividades auxiliares ou complementarias, como son a entrega de medicamentos ou os servicios accesorios de alimentación, aloxamento e transporte.

3.º As explotacións económicas de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico.

4.º As explotacións económicas dos bens declarados de interese cultural conforme a normativa do Patrimonio Histórico do Estado e das comunidades autónomas, así como de museos, bibliotecas, arquivos e centros de documentación, sempre e cando se cumpran as esixencias establecidas na dita normativa, en particular respecto dos deberes de visita e exposición pública dos ditos bens.

5.º As explotacións económicas consistentes na organización de representacións musicais, coreográficas, teatrais, cinematográficas ou circenses.

6.º As explotacións económicas de parques e outros espacios naturais protexidos de características similares.

7.º As explotacións económicas de ensino e de formación profesional, en tódolos niveis e graos do sistema educativo, así como as de educación infantil ata os tres anos, incluída a garda e custodia de nenos ata esa idade, as de educación especial, as de educación compensatoria e as de educación permanente e de adultos, cando estean exentas do imposto sobre o valor engadido, así como as explotacións económicas de alimentación, aloxamento ou transporte realizadas por centros docentes e colexios maiores pertencentes a entidades sen fins lucrativos.

8.º As explotacións económicas consistentes na organización de exposicións, conferencias, coloquios, cursos ou seminarios.

9.º As explotacións económicas de elaboración, edición, publicación e venda de libros, revistas, folletos, material audiovisual e material multimedia.

10.º As explotacións económicas de prestación de servicios de carácter deportivo a persoas físicas que practiquen o deporte ou a educación física, sempre que tales servicios estean directamente relacionados coas ditas prácticas e coa excepción dos servicios relacionados con espectáculos deportivos e dos prestados a deportistas profesionais.

11.º As explotacións económicas que teñan un carácter simplemente auxiliar ou complementario das explotacións económicas exentas ou das actividades encamiñadas a cumprilos fins estatutarios ou o obxecto da entidade sen fins lucrativos.

Non se considerará que as explotacións económicas teñan un carácter simplemente auxiliar ou complementario cando o importe neto da cifra de negocios do exercicio correspondente ó conxunto delas exceda do 20 por 100 dos ingresos totais da entidade.

12.º As explotacións económicas de escasa relevancia. Considéranse como tales aquelas cun importe neto da cifra de negocios do exercicio que non supere en conxunto 20.000 euros.

Artigo 8. *Determinación da base imponible.*

1. Na base imponible do imposto sobre sociedades das entidades sen fins lucrativos só se incluírán as rendas derivadas das explotacións económicas non exentas.

2. Non terán a consideración de gastos deducibles, ademais dos establecidos pola normativa xeral do imposto sobre sociedades, os seguintes:

a) Os gastos imputables exclusivamente ás rendas exentas.

Os gastos parcialmente imputables ás rendas non exentas serán deducibles na porcentaxe que representen os ingresos obtidos no exercicio de explotacións económicas non exentas respecto dos ingresos totais da entidade.

b) As cantidades destinadas á amortización de elementos patrimoniais non afectos ás explotacións económicas sometidas a gravame.

No caso de elementos patrimoniais afectos parcialmente á realización de actividades exentas, non resul-

tarán deducibles as cantidades destinadas á amortización na porcentaxe en que o elemento patrimonial se encontre afecto á realización da dita actividade.

c) As cantidades que constitúan aplicación de resultados e, en particular, dos excedentes de explotacións económicas non exentas.

Artigo 9. *Normas de valoración.*

Os bens e dereitos integrantes do patrimonio resultante da disolución dunha entidade sen fins lucrativos que se transmitan a outra entidade sen fins lucrativos, en aplicación do previsto no número 6.º do artigo 3 desta lei, valoraranse na adquirente, para efectos fiscais, polos mesmos valores que tiñan na entidade disolta antes de se realiza-la transmisión, e manterase igualmente a data de adquisición por parte da entidade disolta.

Artigo 10. *Tipo de gravame.*

A base imponible positiva que lles corresponda ás rendas derivadas de explotacións económicas non exentas será gravada ó tipo do 10 por 100.

Artigo 11. *Obrigas contables.*

As entidades sen fins lucrativos que obteñan rendas de explotacións económicas non exentas do imposto sobre sociedades terán as obrigas contables previstas nas normas reguladoras do dito imposto. A contabilidade destas entidades levarase de tal forma que permita identifica-los ingresos e gastos correspondentes ás explotacións económicas non exentas.

Artigo 12. *Rendas non suxeitas a retención.*

As rendas exentas en virtude desta lei non estarán sometidas a retención nin ingreso á conta. Regulamentariamente, determinarase o procedemento de acreditación das entidades sen fins lucrativos para efectos da exclusión da obriga de reter.

Artigo 13. *Obriga de declarar.*

As entidades que opten polo réxime fiscal establecido neste título estarán obrigadas a declarar polo imposto sobre sociedades a totalidade das súas rendas, exentas e non exentas.

Artigo 14. *Aplicación do réxime fiscal especial.*

1. As entidades sen fins lucrativos poderanse acoller ó réxime fiscal especial establecido neste título no prazo e na forma que regulamentariamente se estableza.

Exercida a opción, a entidade quedará vinculada a este réxime de forma indefinida durante os períodos impositivos seguintes, mentres se cumpran os requisitos do artigo 3 desta lei e mentres non se renuncie á súa aplicación na forma que regulamentariamente se estableza.

2. A aplicación do réxime fiscal especial estará condicionada ó cumprimento dos requisitos e supostos de feito relativos a el, que deberán ser probados pola entidade.

3. O incumprimento dos requisitos establecidos no artigo 3 desta lei determinará para a entidade a obriga de ingresa-la totalidade das cotas correspondentes ó exercicio en que se produza o incumprimento polo imposto sobre sociedades, os tributos locais e o imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, de acordo coa normativa reguladora destes tributos, xunto cos xuros de demora que procedan.

A obriga establecida neste epígrafe referirase ás cotas correspondentes ó exercicio en que se obtiveron os resultados e ingresos non aplicados correctamente, cando se trate do requisito establecido no número 2.º do artigo 3 desta lei, e ás cotas correspondentes ó exercicio en que se produza o incumprimento e ós catro anteriores, cando se trate do establecido no número 6.º do mesmo artigo, sen prexuízo das sancións que, se é o caso, procedan.

CAPÍTULO III

Tributos locais

Artigo 15. *Tributos locais.*

1. Estarán exentos do imposto sobre bens inmobles os bens dos que sexan titulares, nos termos previstos na normativa reguladora das facendas locais, as entidades sen fins lucrativos, excepto os afectos a explotacións económicas non exentas do imposto sobre sociedades.

2. As entidades sen fins lucrativos estarán exentas do imposto sobre actividades económicas polas explotacións económicas a que se refire o artigo 7 desta lei. Non obstante, as ditas entidades deberán presentar declaración de alta na matrícula deste imposto e declaración de baixa en caso de cesamento na actividade.

3. Estarán exentos do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana os incrementos correspondentes cando a obriga legal de satisfacer-lo dito imposto recaia sobre unha entidade sen fins lucrativos.

No suposto de transmisións de terreos ou de constitución ou transmisión de dereitos reais de gozo limitativos do dominio sobre eles, efectuadas a título oneroso por unha entidade sen fins lucrativos, a exención no referido imposto estará condicionada a que tales terreos cumpran os requisitos establecidos para aplica-la exención no imposto sobre bens inmobles.

4. A aplicación das exencións previstas neste artigo estará condicionada a que as entidades sen fins lucrativos lle comuniquen ó concello correspondente o exercicio da opción regulada no punto 1 do artigo anterior e ó cumprimento dos requisitos e supostos relativos ó réxime fiscal especial regulado neste título.

5. O disposto neste artigo entenderase sen prexuízo das exencións previstas na Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

TÍTULO III

Incentivos fiscais ó mecenado

CAPÍTULO I

Entidades beneficiarias

Artigo 16. *Entidades beneficiarias do mecenado.*

Os incentivos fiscais previstos neste título serán aplicables ós donativos, doazóns e achegas que, cumprindo os requisitos establecidos neste título, se fagan en favor das seguintes entidades:

a) As entidades sen fins lucrativos ás que lles sexa de aplicación o réxime fiscal establecido no título II desta lei.

b) O Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais, así como os organismos autónomos do Estado e as entidades autónomas de carácter análogo das comunidades autónomas e das entidades locais.

c) As universidades públicas e os colexios maiores adscritos a elas.

d) O Instituto Cervantes, o Institut Ramon Llull e as demais institucións con fins análogos das comunidades autónomas con lingua oficial propia.

CAPÍTULO II

Réxime fiscal das doazóns e achegas

Artigo 17. *Donativos, doazóns e achegas deducibles.*

1. Darán dereito a practica-las deduccions previstas neste título os seguintes donativos, doazóns e achegas irrevogables, puros e simples, realizados en favor das entidades ás que se refire o artigo anterior:

a) Donativos e doazóns en diñeiro, de bens ou de dereitos.

b) Cotas de afiliación a asociacións que non se correspondan co dereito a percibir unha prestación presente ou futura.

c) A constitución dun dereito real de usufructo sobre bens, dereitos ou valores, realizada sen contraprestación.

d) Donativos ou doazóns de bens que formen parte do Patrimonio Histórico Español, que estean inscritos no Rexistro xeral de bens de interese cultural ou incluídos no inventario xeral a que se refire a Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

e) Donativos ou doazóns de bens culturais de calidade garantida en favor de entidades que persigan entre os seus fins a realización de actividades museísticas e o fomento e a difusión do patrimonio histórico artístico.

2. No caso de revogación da doazón por algún dos supostos recollidos no Código civil, o doador ingresará, no período impositivo no que a dita revogación se produza, as cotas correspondentes ás deduccions aplicadas, sen prexuízo dos xuros de demora que procedan.

O establecido no parágrafo anterior aplicarase nos supostos ós que se refire o punto 2 do artigo 23 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Artigo 18. *Base das deduccions por donativos, doazóns e achegas.*

1. A base das deduccions por donativos, doazóns e achegas realizados en favor das entidades ás que se refire o artigo 16 será:

a) Nos donativos en diñeiro, o seu importe.

b) Nos donativos ou doazóns de bens ou dereitos, o valor contable que tivesen no momento da transmisión e, no seu defecto, o valor determinado conforme as normas do imposto sobre o patrimonio.

c) Na constitución dun dereito real de usufructo sobre bens inmoables, o importe anual que resulte de aplicar, en cada un dos períodos impositivos de duración do usufructo, o 2 por 100 ó valor catastral, determinándose proporcionalmente ó número de días que corresponda en cada período impositivo.

d) Na constitución dun dereito real de usufructo sobre valores, o importe anual dos dividendos ou xuros percibidos polo usufructuario en cada un dos períodos impositivos de duración do usufructo.

e) Na constitución dun dereito real de usufructo sobre outros bens e dereitos, o importe anual resultante de aplica-lo xuro legal do diñeiro de cada exercicio ó valor do usufructo determinado no momento da súa constitución conforme as normas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

f) Nos donativos ou doazóns de obras de arte de calidade garantida e dos bens que formen parte do Patrimonio Histórico Español a que se refiren as letras d) e e) do punto 1 do artigo 17 desta lei, a valoración efectuada pola Xunta de Cualificación, Valoración e Exportación. No caso dos bens culturais que non formen parte do Patrimonio Histórico Español, a xunta valorará, así mesmo, a suficiencia da calidade da obra.

2. O valor determinado de acordo co disposto no punto anterior terá como límite máximo o valor normal no mercado do ben ou dereito transmitido no momento da súa transmisión.

Artigo 19. *Deducción da cota do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

1. Os contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas terán dereito a deducir da cota íntegra o 25 por 100 da base da deducción determinada segundo o disposto no artigo 18.

2. A base desta deducción computarase para efectos do límite previsto no artigo 56, punto 1, da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias.

Artigo 20. *Deducción da cota do imposto sobre sociedades.*

1. Os suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades terán dereito a deducir da cota íntegra, minorada nas deduccions e bonificacións previstas nos capítulos II, III e IV do título VI da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, o 35 por 100 da base da deducción determinada segundo o disposto no artigo 18. As cantidades correspondentes ó período impositivo non deducidas poderanse aplicar nas liquidacións dos períodos impositivos que conclúan nos 10 anos inmediatos e sucesivos.

2. A base desta deducción non poderá exceder do 10 por 100 da base imponible do período impositivo. As cantidades que excedan deste límite poderanse aplicar nos períodos impositivos que conclúan nos dez anos inmediatos e sucesivos.

Artigo 21. *Deducción da cota do imposto sobre a renda de non residentes.*

1. Os contribuíntes do imposto sobre a renda de non residentes que operen en territorio español sen establecemento permanente poderán aplica-la deducción establecida no punto 1 do artigo 19 desta lei nas declaracións que polo dito imposto presenten por feitos impositivos acaecidos no prazo dun ano desde a data do donativo, doazón ou achega.

A base desta deducción non poderá exceder do 10 por 100 da base imponible do conxunto das declaracións presentadas nese prazo.

2. Os contribuíntes do imposto sobre a renda de non residentes que operen en territorio español mediante establecemento permanente poderán aplica-la deducción establecida no artigo anterior.

Artigo 22. *Actividades prioritarias de mecenado.*

A Lei de orzamentos xerais do Estado poderá establecer unha relación de actividades prioritarias de mecenado no ámbito dos fins de interese xeral citados no número 1.º do artigo 3 desta lei, así como as entidades beneficiarias, de acordo co seu artigo 16.

En relación coas ditas actividades e entidades, a Lei de orzamentos xerais do Estado poderá elevar en cinco puntos porcentuais, como máximo, as porcentaxes e límites das deducións establecidas nos artigos 19, 20 e 21 desta lei.

Artigo 23. Exención das rendas derivadas de donativos, doazóns e achegas.

1. Estarán exentas do imposto sobre a renda das persoas físicas, do imposto sobre sociedades ou do imposto sobre a renda de non residentes que grave a renda do doador ou achegador as ganancias patrimoniais e as rendas positivas que se poñan de manifesto con ocasión dos donativos, doazóns e achegas a que se refire o artigo 17 desta lei.

2. Estarán exentos do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana os incrementos que se poñan de manifesto nas transmisións de terreos, ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de gozo limitativos do dominio, realizadas con ocasión dos donativos, doazóns e achegas a que se refire o artigo 17 desta lei.

Artigo 24. Xustificación dos donativos, doazóns e achegas deducibles.

1. A efectividade dos donativos, doazóns e achegas deducibles xustificarase mediante certificación expedida pola entidade beneficiaria, cos requisitos que se establezan regulamentariamente.

2. A entidade beneficiaria deberalle remitir á Administración tributaria, na forma e nos prazos que se establezan regulamentariamente, a información sobre as certificacións expedidas.

3. A certificación á que se fai referencia nos puntos anteriores deberá conter, alomenos, os seguintes extremos:

- a) O número de identificación fiscal e os datos de identificación persoal do doador e da entidade donataria.
- b) Mención expresa de que a entidade donataria se encontra incluída nas reguladas no artigo 16 desta lei.
- c) Data e importe do donativo cando este sexa en diñeiro.
- d) Documento público ou outro documento auténtico que acredite a entrega do ben doado cando non se trate de donativos en diñeiro.
- e) Destino que a entidade donataria lle dará ó obxecto doado no cumprimento da súa finalidade específica.
- f) Mención expresa do carácter irrevogable da doazón, sen prexuízo do establecido nas normas imperativas civís que regulan a revogación de doazóns.

CAPÍTULO III

Réxime fiscal doutras formas de mecenado

Artigo 25. Convenios de colaboración empresarial en actividades de interese xeral.

1. Entenderase por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral, para os efectos previstos nesta lei, aquel polo cal as entidades a que se refire o artigo 16, a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas ditas actividades.

A difusión da participación do colaborador no marco dos convenios de colaboración definidos neste artigo non constitúe unha prestación de servizos.

2. As cantidades satisfeitas ou os gastos realizados terán a consideración de gastos deducibles para determinar a base imponible do imposto sobre sociedades da entidade colaboradora ou do imposto sobre a renda de non residentes dos contribuíntes que operen en territorio español mediante establecemento permanente ou o rendemento neto da actividade económica dos contribuíntes acollidos ó réxime de estimación directa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

3. O réxime fiscal aplicable ás cantidades satisfeitas en cumprimento destes convenios de colaboración será incompatible cos demais incentivos fiscais previstos nesta lei.

Artigo 26. Gastos en actividades de interese xeral.

1. Para a determinación da base imponible do imposto sobre sociedades, do imposto sobre a renda de non residentes dos contribuíntes que operen en territorio español mediante establecemento permanente ou do rendemento neto da actividade económica dos contribuíntes acollidos ó réxime de estimación directa do imposto sobre a renda das persoas físicas, terán a consideración de deducibles os gastos realizados para os fins de interese xeral a que se refire o número 1.º do artigo 3 desta lei.

2. A dedución dos gastos en actividades de interese xeral a que se refire o punto anterior será incompatible cos demais incentivos fiscais previstos nesta lei.

Artigo 27. Programas de apoio a acontecementos de excepcional interese público.

1. Son programas de apoio a acontecementos de excepcional interese público o conxunto de incentivos fiscais específicos aplicables ás actuacións que se realicen para asegura-lo adecuado desenvolvemento dos acontecementos que, se é o caso, se determinen por lei.

2. A lei que aprobe cada un destes programas regulará, alomenos, os seguintes extremos:

- a) A duración do programa, que poderá ser de ata tres anos.
- b) A creación dun consorcio ou a designación dun órgano administrativo que se encargue da execución do programa e que certifique a adecuación dos gastos e investimentos realizados ós seus obxectivos e plans.

No dito consorcio ou órgano estarán representadas, necesariamente, as administracións públicas interesadas no acontecemento e, en todo caso, o Ministerio de Facenda.

Para a emisión da certificación será necesario o voto favorable da representación do Ministerio de Facenda.

c) As liñas básicas das actuacións que se vaian organizar en apoio do acontecemento, sen prexuízo do seu desenvolvemento posterior polo consorcio ou polo órgano administrativo correspondente en plans e programas de actividades específicas.

d) Os beneficios fiscais aplicables ás actuacións a que se refire o parágrafo anterior, dentro dos límites do punto seguinte.

3. Os beneficios fiscais establecidos en cada programa serán, como máximo, os seguintes:

Primeiro. Os suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades, os contribuíntes do imposto sobre a renda

p
 das persoas físicas que realicen actividades económicas en réxime de estimación directa e os contribuíntes do imposto sobre a renda de non residentes que operen en territorio español mediante establecemento permanente poderán deducir da cota íntegra do imposto o 15 por 100 dos gastos e investimentos que, en cumprimento dos plans e programas de actividades establecidos polo consorcio ou polo órgano administrativo correspondente, realicen nos seguintes conceptos:

a) Adquisición de elementos do inmovilizado material novos, sen que, en ningún caso, se consideren como tales os terreos.

Entenderase que non están realizados en cumprimento dos plans e programas de actividades establecidos polo consorcio ou polo órgano administrativo correspondente os investimentos efectuados para a instalación ou ampliación de redes de servizos de telecomunicacións ou de electricidade, así como para o abastecemento de auga, gas ou outras subministracións.

b) Rehabilitación de edificios e outras construcións que contribúan a realza-lo espazo físico afectado, se é o caso, polo respectivo programa.

As citadas obras deberán cumprir-las requisitos establecidos na normativa sobre financiamento de actuacións protexidas en materia de vivenda e, ademais, as normas arquitectónicas e urbanísticas que ó respecto poidan establecer-las concellos afectados polo respectivo programa e o consorcio ou o órgano administrativo encargado da súa organización e execución.

c) Realización de gastos de propaganda e publicidade de proxección plurianual que sirvan directamente para a promoción do respectivo acontecemento.

Cando o contido do soporte publicitario se refira de modo esencial á divulgación do acontecemento, a base da dedución será o importe total do investimento realizado. No caso contrario, a base da dedución será o 25 por 100 do dito investimento.

Esta dedución, conxuntamente coas reguladas no capítulo IV do título VI da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, non poderá exceder do 35 por 100 da cota íntegra, minorada nas deducións para evita-la dobre imposición interna e internacional e nas bonificacións, e será incompatible para os mesmos bens ou gastos coas previstas na citada Lei 43/1995, do 27 de decembro. As cantidades non deducidas poderanse aplicar, respectando igual límite, nas liquidacións dos períodos impositivos que conclúan nos 10 anos inmediatos e sucesivos.

O cómputo dos prazos para a aplicación das deducións previstas neste número poderase diferir ata o primeiro exercicio en que, dentro do período de prescrición, se produzan resultados positivos, nos seguintes casos:

a) Nas entidades de nova creación.

b) Nas entidades que saneen perdas de exercicios anteriores mediante a achega efectiva de novos recursos, sen que se considere como tal a aplicación ou capitalización de reservas.

Segundo. Os contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas, os suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades e os contribuíntes do imposto sobre a renda de non residentes que operen en territorio español mediante establecemento permanente terán dereito ás deducións previstas, respectivamente, nos artigos 19, 20 e 21 desta lei, polas doazóns e achegas que realicen a favor do consorcio que, se é o caso, se cree conforme o establecido no punto anterior.

O réxime de mecenado prioritario previsto no artigo 22 desta lei seralles de aplicación ós programas e actividades relacionados co acontecemento, sempre que sexan aprobados polo consorcio ou órgano administrativo encargado da súa execución e sexan realizados polas

entidades a que se refire o artigo 2 desta lei ou polo citado consorcio, elevándose en cinco puntos porcentuais as porcentaxes e os límites das deducións establecidas nos artigos 19, 20 e 21 desta lei.

Terceiro. As transmisións suxeitas ó imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados terán unha bonificación do 95 por 100 da cota cando os bens e dereitos adquiridos sexan destinados, directa e exclusivamente, polo suxeito pasivo á realización de investimentos con dereito a dedución a que se refire o punto primeiro deste epígrafe.

Cuarto. Os suxeitos pasivos do imposto sobre actividades económicas terán unha bonificación do 95 por 100 nas cotas e recargas correspondentes ás actividades de carácter artístico, cultural, científico ou deportivo que deban ter lugar durante a realización do respectivo acontecemento e que se enmarquen nos plans e programas de actividades elaborados polo consorcio ou polo órgano administrativo correspondente.

Quinto. As empresas ou entidades que desenvolvan os obxectivos do respectivo programa terán unha bonificación do 95 por 100 en tódolos impostos e taxas locais que poidan recaer sobre as operacións relacionadas exclusivamente co desenvolvemento do dito programa.

Sexto. Para os efectos previstos nos números anteriores non será de aplicación o disposto no primeiro parágrafo do punto 2 do artigo 9 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

4. A Administración tributaria comprobará a concorrencia das circunstancias ou requisitos necesarios para a aplicación dos beneficios fiscais, e practicará, se é o caso, a regularización que resulte procedente.

5. Regulamentariamente, establecerase o procedemento para a aplicación dos beneficios fiscais previstos nos programas de apoio a acontecementos de excepcional interese público.

Disposición adicional primeira. *Modificación da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias.*

1. Engádeselle unha nova letra j) ó punto 2 do artigo 14 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, que queda redactado nos seguintes termos:

«j) As axudas públicas outorgadas polas administracións competentes ós titulares de bens integrantes do Patrimonio Histórico Español inscritos no Rexistro xeral de bens de interese cultural a que se refire a Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, e destinadas exclusivamente á súa conservación ou rehabilitación, poderanse imputar por cuartas partes no período impositivo en que se obteñan e nos tres seguintes, sempre que se cumpran as esixencias establecidas na dita lei, en particular respecto dos deberes de visita e exposición pública dos ditos bens.»

2. Modifícase o punto 3 do artigo 55 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. Deducións por donativos.

Os contribuíntes poderán aplicar, neste concepto:

a) As deducións previstas na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado.

b) O 10 por 100 das cantidades doadas ás fundacións legalmente recoñecidas que rendan contas ó órgano do protectorado correspondente, así como ás asociacións declaradas de utilidade pública, non comprendidas no parágrafo anterior.»

3. Modifícase o punto 5 do artigo 55 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, que queda redactado nos seguintes termos:

«5. Deducción por actuacións para a protección e difusión do Patrimonio Histórico Español e das cidades, conxuntos e bens declarados Patrimonio Mundial.

Os contribuíntes terán dereito a unha deducción na cota do 15 por 100 do importe dos investimentos ou gastos que realicen para:

a) A adquisición de bens do Patrimonio Histórico Español, realizada fóra do territorio español para a súa introducción dentro do dito territorio, sempre que os bens permanezan nel e dentro do patrimonio do titular durante alomenos tres anos.

A base desta deducción será a valoración efectuada pola Xunta de Cualificación, Valoración e Exportación.

b) A conservación, reparación, restauración, difusión e exposición dos bens da súa propiedade que estean declarados de interese cultural conforme a normativa do Patrimonio Histórico do Estado e das comunidades autónomas, sempre e cando se cumpran as esixencias establecidas na dita normativa, en particular respecto dos deberes de visita e exposición pública dos ditos bens.

c) A rehabilitación de edificios, o mantemento e a reparación dos seus tellados e fachadas, así como a mellora de infraestructuras da súa propiedade situados no contorno que sexa obxecto de protección das cidades españolas ou dos conxuntos arquitectónicos, arqueolóxicos, naturais ou paisaxísticos e dos bens declarados Patrimonio Mundial pola Unesco, situados en España.»

Disposición adicional segunda. *Modificación da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.*

1. Modifícase o punto 2 do artigo 9 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, que quedará redactado nos seguintes termos:

«2. Estarán parcialmente exentas do imposto, nos termos previstos no título II da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado, as entidades e institucións sen ánimo de lucro ás que lles sexa de aplicación o dito título.»

2. Modifícase o punto 2 do artigo 26 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, que quedará redactado nos seguintes termos:

«2. Tributarán ó tipo do 25 por 100:

a) As mutuas de seguros xerais, as mutualidades de previsión social e as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social que cumpran os requisitos establecidos pola súa normativa reguladora.

b) As sociedades de garantía recíproca e as sociedades de reafianzamento reguladas na Lei 1/1994, do 11 de marzo, sobre o réxime xurídico

das sociedades de garantía recíproca, inscritas no rexistro especial do Banco de España.

c) As sociedades cooperativas de crédito e caixas rurais, excepto polo que se refire ós resultados extracooperativos, que tributarán ó tipo xeral.

d) Os colexios profesionais, as asociacións empresariais, as cámaras oficiais, os sindicatos de traballadores e os partidos políticos.

e) As entidades sen fins lucrativos ás que non lles sexa de aplicación o réxime fiscal establecido na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado.

f) Os fondos de promoción de emprego constituídos ó abeiro do artigo 22 da Lei 27/1984, do 26 de xullo, sobre reconversión e reindustrialización.

g) As unións, federacións e confederacións de cooperativas.»

3. Modifícase o punto 4 do artigo 26 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, que quedará redactado nos seguintes termos:

«4. Tributarán ó 10 por 100 as entidades ás que lles sexa de aplicación o réxime fiscal establecido na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado.»

4. Modifícanse a rúbrica do artigo 35 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, e o punto 1 do dito artigo, que quedan redactados nos seguintes termos:

«Artigo 35. *Deducción por actuacións para a protección e difusión do Patrimonio Histórico Español e das cidades, conxuntos e bens declarados Patrimonio Mundial, así como por investimentos en producións cinematográficas e en edición de libros.*

1. Os suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades terán dereito a unha deducción na cota íntegra do 15 por 100 do importe dos investimentos ou gastos que realicen para:

a) A adquisición de bens do Patrimonio Histórico Español, realizada fóra do territorio español para a súa introducción dentro do dito territorio, sempre que os bens permanezan nel e dentro do patrimonio do titular durante alomenos tres anos.

A base desta deducción será a valoración efectuada pola Xunta de Cualificación, Valoración e Exportación.

b) A conservación, reparación, restauración, difusión e exposición dos bens da súa propiedade que estean declarados de interese cultural conforme a normativa do Patrimonio Histórico do Estado e das comunidades autónomas, sempre e cando se cumpran as esixencias establecidas na dita normativa, en particular respecto dos deberes de visita e exposición pública dos ditos bens.

c) A rehabilitación de edificios, o mantemento e a reparación dos seus tellados e fachadas, así como a mellora de infraestructuras da súa propiedade situados no contorno que sexa obxecto de protección das cidades españolas ou dos conxuntos arquitectónicos, arqueolóxicos, naturais ou paisaxísticos e dos bens declarados Patrimonio Mundial pola Unesco, situados en España.»

5. Modifícase o artigo 134 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 134. *Rendas exentas.*

1. Estarán exentas as seguintes rendas obtidas polas entidades que se citan no artigo anterior:

a) As que procedan da realización de actividades que constitúan o seu obxecto social ou finalidade específica.

Para efectos da aplicación deste réxime á entidade de dereito público Portos do Estado e ás autoridades portuarias, considerarase que non proceden da realización de explotacións económicas os ingresos de natureza tributaria e os procedentes do exercicio da potestade sancionadora e da actividade administrativa realizadas polas autoridades portuarias, así como os procedentes da actividade de coordinación e control de eficiencia do sistema portuario realizada polo ente público Portos do Estado.

b) As derivadas de adquisicións e de transmisións a título lucrativo, sempre que unhas e outras se obteñan ou realicen en cumprimento do seu obxecto ou finalidade específica.

c) As que se poñan de manifesto na transmisión onerosa de bens afectos á realización do obxecto ou finalidade específica cando o total produto obtido se destine a novos investimentos relacionados co dito obxecto ou finalidade específica.

Os novos investimentos deberanse realizar dentro do prazo comprendido entre o ano anterior á data da entrega ou posta á disposición do elemento patrimonial e os tres anos posteriores e manterse no patrimonio da entidade durante sete anos, excepto que a súa vida útil conforme o método de amortización, dos admitidos no artigo 11.1 desta lei, que se aplique fose inferior.

En caso de non se realiza-lo investimento dentro do prazo sinalado, a parte de cota íntegra correspondente á renda obtida ingresarase, ademais dos xuros de demora, conxuntamente coa cota correspondente ó período impositivo en que venceu aquel.

A transmisión dos ditos elementos antes do termo do mencionado prazo determinará a integración na base imponible da parte de renda non gravada, salvo que o importe obtido sexa obxecto dun novo reinvestimento.

2. A exención a que se refire o punto anterior non acadará os rendementos de explotacións económicas, nin as rendas derivadas do patrimonio, nin as rendas obtidas en transmisións, distintas das sinaladas nel.

3. Consideraranse rendementos dunha explotación económica todos aqueles que, procedendo do traballo persoal e do capital conxuntamente, ou dun só destes factores, supoñan por parte do suxeito pasivo a ordenación por conta propia dos medios de produción e de recursos humanos ou dun dos dous coa finalidade de intervir na produción ou distribución de bens ou servicios.»

6. Modifícase o artigo 135 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 135. *Determinación da base imponible.*

1. A base imponible determinarase aplicando as normas previstas no título IV desta lei.

2. Non terán a consideración de gastos fiscalmente deducibles, ademais dos establecidos no artigo 14 desta lei, os seguintes:

a) Os gastos imputables exclusivamente ás rendas exentas. Os gastos parcialmente imputables ás rendas non exentas serán deducibles na porcentaxe que representen os ingresos obtidos no exercicio de explotacións económicas non exentas respecto dos ingresos totais da entidade.

b) As cantidades que constitúan aplicación de resultados e, en particular, dos que se destinen ó sostemento das actividades exentas a que se refire o parágrafo a) do punto 1 do artigo anterior.»

7. Engádeselle un novo parágrafo ó punto 1 do artigo 139 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Os suxeitos pasivos deste imposto deberán leva-la súa contabilidade de acordo co previsto no Código de comercio ou co establecido nas normas polas que se rexen.

En todo caso, os suxeitos pasivos a que se refire o título VIII, capítulo XV, desta lei levarán a súa contabilidade de tal forma que permita identificar os ingresos e gastos correspondentes ás rendas e explotacións económicas non exentas.»

Disposición adicional terceira. *Modificación do Real decreto lexislativo 1/1993, do 24 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.*

Modifícase a letra A) do artigo 45.I do texto refundido do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1993, do 24 de setembro, que quedará redactado nos seguintes termos:

«I. A) Estarán exentos do imposto:

a) O Estado e as administracións públicas territoriais e institucionais e os seus establecementos de beneficencia, cultura, Seguridade Social, docentes ou de fins científicos.

Esta exención será igualmente aplicable a aquelas entidades cun réxime fiscal que fose equiparado por unha lei ó do Estado ou ó das administracións públicas citadas.

b) As entidades sen fins lucrativos a que se refire o artigo 2 da Lei 49/2002, do..., de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado, que se acollan ó réxime fiscal especial na forma prevista no artigo 14 da dita lei.

Á autoliquidación en que se aplique a exención xuntarase a documentación que acredite o dereito á exención.

c) As caixas de aforro, polas adquisicións directamente destinadas á súa obra social.

d) A Igrexa católica e as igrexas, confesións e comunidades relixiosas que teñan subscritos acordos de cooperación co Estado español.

e) O Instituto de España e as reais academias integradas nel, así como as institucións das comunidades autónomas que teñan fins análogos ós da Real Academia Española.

f) A Cruz Vermella Española e a Organización Nacional de Cegos Españóis.

g) A Obra Pía dos Santos Lugares.»

Disposición adicional cuarta. *Réxime fiscal dos bens integrantes do Patrimonio Histórico das comunidades autónomas.*

O réxime establecido nesta lei referente ós bens integrantes do Patrimonio Histórico Español, inscritos no Rexistro xeral de bens de interese cultural ou incluídos no inventario xeral a que se refire a Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, aplicaráselle ós bens culturais declarados ou inscritos polas comunidades autónomas, de acordo co establecido nas súas normas reguladoras.

Para os efectos do disposto no artigo 18 desta lei e no artigo 73 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, a valoración de tales bens polas comunidades autónomas será realizada polos seus órganos competentes segundo as respectivas normas reguladoras. Así mesmo, a valoración será realizada polos mesmos órganos cando a donataria sexa unha comunidade autónoma.

Disposición adicional quinta. *Réxime tributario da Cruz Vermella Española e da Organización Nacional de Cegos Españóis.*

O réxime previsto nos artigos 5 a 15, ambos inclusive, desta lei seralles de aplicación á Cruz Vermella Española e á Organización Nacional de Cegos Españóis, sempre que cumpran o requisito establecido no último parágrafo do número 5.º do artigo 3 desta lei, e conservarán a súa vixencia as exencións concedidas con anterioridade á súa entrada en vigor.

Estas entidades serán consideradas como entidades beneficiarias do mecenado para os efectos previstos nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, desta lei.

Disposición adicional sexta. *Réxime tributario da Obra Pía dos Santos Lugares.*

O réxime previsto nos artigos 5 a 15, ambos inclusive, desta lei será de aplicación á Obra Pía dos Santos Lugares, sempre que cumpra o requisito establecido no número 5.º do artigo 3 desta lei. A Obra Pía será considerada como entidade beneficiaria do mecenado para os efectos previstos nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, desta lei.

Disposición adicional sétima. *Réxime tributario dos consorcios Casa de América, Casa Asia e «Institut Europeu de la Mediterrània».*

Os consorcios Casa de América, Casa Asia e «Institut Europeu de la Mediterrània» serán considerados entidades beneficiarias do mecenado para os efectos previstos nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, desta lei.

Disposición adicional oitava. *Fundacións de entidades relixiosas.*

O disposto nesta lei enténdese sen prexuízo do establecido nos acordos coa Igrexa católica e nos acordos e convenios de cooperación subscritos polo Estado coas igrexas, confesións e comunidades relixiosas, así como nas normas dictadas para a súa aplicación, para as fundacións propias destas entidades, que poderán optar polo réxime fiscal establecido nos artigos 5 a 25 desta lei, sempre que neste último caso presenten a certificación da súa inscrición no Rexistro de entidades relixiosas, e cumpran o requisito establecido no número 5.º do artigo 3 desta lei.

Disposición adicional novena. *Réxime tributario da Igrexa católica e doutras igrexas, confesións e comunidades relixiosas.*

1. O réxime previsto nos artigos 5 a 15, ambos inclusive, desta lei será de aplicación á Igrexa católica e ás igrexas, confesións e comunidades relixiosas que teñan subscritos acordos de cooperación co Estado español, sen prexuízo do establecido nos acordos a que se refire a disposición adicional anterior.

2. O réxime previsto nesta lei será tamén de aplicación ás asociacións e entidades relixiosas comprendidas no artigo V do Acordo sobre asuntos económicos subscrito entre o Estado español e a Santa Sé, así como ás entidades recollidas no punto 5 do artigo 11 da Lei 24/1992, do 10 de novembro, pola que se aproba o Acordo de cooperación do Estado coa Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España; no punto 5 do artigo 11 da Lei 25/1992, do 10 de novembro, pola que se aproba o Acordo de cooperación do Estado coa Federación de Comunidades Israelitas de España, e no punto 4 do artigo 11 da Lei 26/1992, do 10 de novembro, pola que se aproba o Acordo de cooperación do Estado coa Comisión Islámica de España, sempre que estas entidades cumpran os requisitos esixidos por esta lei ás entidades sen fins lucrativos para a aplicación do dito réxime.

3. As entidades da Igrexa católica recollidas nos artigos IV e V do Acordo sobre asuntos económicos entre o Estado español e a Santa Sé, e as igualmente existentes nos acordos de cooperación do Estado español con outras igrexas, confesións e comunidades relixiosas, serán consideradas entidades beneficiarias do mecenado para os efectos previstos nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, desta lei.

Disposición adicional décima. *Réxime tributario do Instituto de España e as reais academias integradas nel, así como das institucións das comunidades autónomas que teñan fins análogos ós da Real Academia Española.*

As exencións establecidas no artigo 15 desta lei serán de aplicación ó Instituto de España e ás reais academias integradas nel, así como ás institucións das comunidades autónomas con lingua oficial propia que teñan fins análogos ós da Real Academia Española. Estas entidades serán consideradas entidades beneficiarias do mecenado para os efectos previstos nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, desta lei.

Disposición adicional décimo primeira. *Obra social das caixas de aforro.*

As entidades sen fins lucrativos poderán destinalo patrimonio resultante da súa disolución á obra social das caixas de aforro, sempre que así estea expresamente recollido no negocio fundacional ou nos estatutos da entidade disolta; non será de aplicación neste suposto o número 6.º do artigo 3.

Disposición adicional décimo segunda. *Federacións deportivas, Comité Olímpico Español e Comité Paralímpico Español.*

1. Os ingresos dos espectáculos deportivos obtidos polas entidades relacionadas no parágrafo e) do artigo 2 desta lei non se incluírán no cómputo do 40 por 100 dos ingresos de explotacións económicas non exentas a que se refire o requisito do número 3.º do seu artigo 3.

2. Están exentas do imposto sobre sociedades as rendas obtidas polas entidades relacionadas no pará-

p grafo e) do artigo 2 desta lei que procedan da celebración, retransmisión ou difusión por calquera medio das competicións amigables ou oficiais nas que participen as seleccións nacionais ou autonómicas, sempre que a organización das ditas competicións sexa da súa exclusiva competencia.

Disposición adicional décimo terceira. *Réxime tributario das entidades benéficas de construción.*

As entidades benéficas de construción constituídas ó abeiro do artigo 5 da Lei do 15 de xullo de 1954 poderán optar polo réxime previsto nos artigos 5 a 15, ambos inclusive, desta lei, sempre que cumpran os requisitos establecidos na normativa propia reguladora destas entidades, se encontren debidamente inscritas no rexistro correspondente da Administración central ou autonómica, e cumpran o requisito establecido no número 5.º do artigo 3 desta lei. Non se aplicará a estas entidades o previsto nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, desta lei.

Disposición adicional décimo cuarta. *Consultas vinculantes.*

Durante os primeiros seis meses seguintes á entrada en vigor desta lei poderánselle formular á Administración tributaria consultas sobre a aplicación da lei; a súa contestación terá carácter vinculante, nos termos seguintes:

Primeiro. As consultas poderán ser formuladas exclusivamente polas federacións e asociacións das entidades a que se refire o parágrafo f) do artigo 2 desta lei, polas federacións deportivas españolas e polas conferencias, comisións e secretarías que representen, respectivamente, ás entidades a que se refire a disposición adicional novena desta lei, referidas a cuestións que afecten os seus membros ou asociados.

Segundo. As contestacións da Administración tributaria ás consultas que se formulen nos termos anteriores comunicaránselle á entidade consultante e publicaranse no «Boletín Oficial do Ministerio de Facenda».

Terceiro. A presentación, tramitación e contestación destas consultas, así como os efectos da súa contestación, rexeranse polo disposto no Real decreto 404/1997, do 21 de marzo, polo que se establece o réxime aplicable ás consultas das que a contestación deba ter carácter vinculante para a Administración tributaria.

Disposición adicional décimo quinta. *Cidades, conxuntos e bens declarados Patrimonio Mundial pola Unesco radicados en España.*

Para os efectos das deducións previstas nas disposicións adicionais primeira e segunda desta lei relaciónanse no anexo desta lei as cidades españolas e os conxuntos arquitectónicos, arqueolóxicos, naturais ou paisaxísticos e os bens declarados Patrimonio Mundial pola Unesco radicados en España.

Disposición adicional décimo sexta. *Facendas locais.*

Para efectos do establecido nesta lei, non será de aplicación o disposto no primeiro parágrafo do punto 2 do artigo 9 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

Disposición adicional décimo sétima. *Remisións normativas.*

As remisións normativas realizadas ó título II da Lei 30/1994, do 24 de novembro, de fundacións e de incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral, entenderanse feitas ós preceptos desta lei.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio das exencións concedidas ó abeiro da Lei 30/1994, do 24 de novembro, de fundacións e de incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral.*

As exencións concedidas ás entidades ás que se refire o artigo 2 desta lei, ó abeiro da Lei 30/1994, do 24 de novembro, de fundacións e de incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral, manterán a súa vixencia durante un período de dous anos a partir da entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio dos administradores de sociedades mercantís nomeados por entidades sen fins lucrativos.*

As entidades sen fins lucrativos constituídas antes da entrada en vigor desta lei que opten por aplicar o réxime fiscal especial previsto no seu título II disporán do prazo dun ano desde a dita entrada en vigor para lle dar cumprimento ó requisito establecido no último parágrafo do número 5.º do seu artigo 3, en relación cos administradores que estas entidades nomeasen nas sociedades mercantís en que participen.

Disposición transitoria terceira. *Adaptación dos estatutos.*

As entidades sen fins lucrativos constituídas antes da entrada en vigor desta lei que opten por aplicar o réxime fiscal especial previsto no seu título II disporán dun prazo de dous anos desde a dita entrada en vigor para adaptar os seus estatutos ó establecido no número 6.º do seu artigo 3.

Disposición derogatoria única.

No momento de entrada en vigor desta lei quedarán derogadas tódalas disposicións que se opoñan ó establecido nela e, en particular, o título II e as disposicións adicionais cuarta a sétima, novena a décimo segunda e décimo quinta e décimo sexta da Lei 30/1994, do 24 de novembro, de fundacións e de incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación á Lei de orzamentos xerais do Estado.*

A Lei de orzamentos xerais do Estado poderá modificar, de conformidade co previsto no punto 7 do artigo 134 da Constitución española:

- a) O tipo de gravame das entidades sen fins lucrativos.
- b) As porcentaxes de deducción e límites cuantitativos para a súa aplicación previstos nesta lei.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Autorízase o Goberno a dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

As disposicións relativas ó imposto sobre sociedades, ó imposto sobre bens inmoables e ó imposto sobre actividades económicas producirán efectos só para os perío-

dos impositivos que se inicien a partir da entrada en vigor da lei.

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades,
que cumpran e fagan cumprir esta lei.
Madrid, 23 de decembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

ANEXO

Cidades e conxuntos arquitectónicos, arqueolóxicos, naturais ou paisaxísticos e bens declarados Patrimonio Mundial pola Unesco situados en España:

Parque e Palacio Güell e Casa Milà, Barcelona.
Mosteiro e Sitio de El Escorial, Madrid.
Catedral de Burgos.
Alhambra, Generalife e Albaicín, Granada.
Centro histórico de Córdoba.
Monumentos de Oviedo e do reino de Asturias.
Covas de Altamira.
Cidade vella de Segovia e o seu acueducto.
Cidade vella de Santiago de Compostela.
Cidade vella de Ávila e igrexas extramuros.
Arquitectura mudéjar de Aragón.
Parque nacional de Garajonay.
Cidade vella de Cáceres.
Cidade histórica de Toledo.
Catedral, Alcázar e Arquivo de Indias, Sevilla.
Cidade vella de Salamanca.
Mosteiro de Poblet.
Conxunto arqueolóxico de Mérida.
O Mosteiro Real de Santa María de Guadalupe.
O Camiño de Santiago de Compostela.
Parque Nacional de Doñana.
Cidade histórica fortificada de Cuenca.
A Lonxa da Seda de Valencia.
Palau de la música catalana e Hospital de San Pau, Barcelona.
As Médulas.
Mosteiros de San Millán de Yuso e de Suso.
Arte rupestre do Arco Mediterráneo da Península Ibérica.
Universidade e recinto histórico de Alcalá de Henares.
Ibiza, biodiversidade e cultura.
San Cristóbal de La Laguna.
Sitio arqueolóxico de Atapuerca.
Palmeiral de Elche.
Igrexas románicas catalanas do val do Boí.
Muralla romana de Lugo.
Conxunto arqueolóxico de Tarragona.
Paisaxe cultural de Aranjuez.

25180 LEI 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións. («BOE» 310, do 27-12-2002.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O artigo 34 da Constitución reconece «o dereito de fundación para fins de interese xeral, conforme a lei».

Pola súa parte, o artigo 53.1 do texto constitucional resérvale á lei a regulación do exercicio dos dereitos e liberdades recoñecidos no capítulo segundo do título I, entre os que se encontra o de fundación, especificando que as ditas normas legais deben en todo caso respecta-lo contido esencial de tales dereitos e liberdades.

Ata o de agora, esta previsión constitucional atopábase cumprida mediante a Lei 30/1994, do 24 de novembro, de fundacións e de incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral, que regulaba nun só corpo legal o réxime xurídico dos entes fundacionais e as vantaxes de carácter impositivo que se conceden ás persoas privadas, físicas ou xurídicas (sen se limitar ás de natureza fundacional), polas súas actividades ou achegas económicas en apoio de determinadas finalidades de interese público ou social. A dita lei puxo fin a un réxime regulador das fundacións que cabería cualificar de vetusto (algunhas das súas normas databan de mediados do século XIX), fragmentario, incompleto e aínda contradictorio, satisfacendo as lexítimas demandas e aspiracións reiteradamente formuladas polo sector, e adaptando, en suma, esta normativa ás esixencias da nova orde constitucional, singularmente no que se refire ó sistema de distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas.

Diversas esixencias aconsellan, sen embargo, proceder á revisión deste marco legal.

En primeiro lugar, resulta necesario acoller no noso sistema xurídico algunhas experiencias innovadoras que se desenvolveron nos últimos anos no dereito comparado, e que poden servir para fortalecer-lo fenómeno fundacional no noso país.

Por outra banda, a reforma dá resposta ás demandas das propias fundacións, nun sentido xeral de superar certas rixideces da anterior regulación, que, sen significaren claras vantaxes para o interese público, dificultaban o axeitado desenvolvemento da actividade fundacional: simplificación de trámites administrativos, redución dos actos de control do protectorado, reforma do réxime de organización e funcionamento do padroado, etc.

II

Esta lei aborda a regulación substantiva e procedementa das fundacións, deixando para unha norma legal distinta o que constituía o contido do título II da anterior, isto é, os incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral, por ser esta unha materia que presenta uns perfís específicos que demandan un tratamento separado.

Tres son os obxectivos que se pretende alcanzar con esta nova regulación do dereito de fundación. En primeiro termo, reduci-la intervención dos poderes públicos no funcionamento das fundacións. Así, substituíuse na maior parte dos casos a esixencia de autorización previa de actos e negocios xurídicos por parte do protectorado, pola de simple comunicación a el do acto ou negocio realizado, con obxecto de que o poida impugnar perante a instancia xudicial competente, se o considera contrario a dereito, e, eventualmente, exercer accións legais contra os patróns responsables.

Por outra parte, flexibilizáronse e simplificáronse os procedementos, especialmente os de carácter económico e financeiro, eximindo ademais as fundacións de menor tamaño do cumprimento de certas obrigas esixibles ás de maior entidade.

Por último, a lei pretende, ó longo de todo o seu articulado, dinamizar e potencia-lo fenómeno fundacional, como vía a través da que a sociedade civil coaduxa cos poderes públicos na consecución de fins de interese xeral.